



ANTONIO PIÑEIRO FEIJÓO

1960.

Funcionario do Concello de Celanova dende o ano 1987, leva dez anos desempeñando funcións de encargado do departamento de Cultura deste Concello.

Dende o ano 1985 ten colaborado en

diversos medios de comunicación, mantendo unha relación case ininterrumpida co diario *La Región* de Ourense, no que desempeñou o labor de delegado das comarcas de Celanova e a Baixa Limia ata este mesmo ano.

Dende 1993 colabora neste mesmo xornal con artigos de opinión sobre

a actualidade diaria do acontecer social da provincia de Ourense e de Galicia.

Premio de xornalismo da Festa do Pulpo do Carballiño no ano 1992.

Premio de xornalismo Xosé Aurelio Carracedo 1997.

Ten publicado varios monográficos sobre aspectos da historia de Celanova, coma os "140 anos de Historia da Banda de Música municipal de Celanova" e outros.

Atópase no prelo un estudio biográfico sobre xosé Velo Mosquera, o ideólogo da Toma do Transatlántico "Santamaría".



A procesión nocturna da Ramallosa

Un xogo de luces e sombras nunha noite do estío celanovés

Antonio Piñeiro

A festa da Encarnación celébrase o primeiro fin de semana de agosto na honra da virxe da Encarnación, comenzando por ser as festas patronais do barrio probablemente más antigo de Celanova, que está conformado pola rúa Manuel Lezón (coñecida popularmente como a Calle Abaixo) e o lugar de A Ermida (denominado así pola igrexa que con esta advocación existe no entorno), que é un dos únicos asentamentos poboacionais que existían arredor do mosteiro cando este estaba en plena vixencia, incluso denantes de que existise a propia Celanova como conxunto urbano.

Co transcorrer do tempo, esta festa organizada por unha antiga cofradía denominada da virxe da Encarnación, que data de principios do século XVII, foise desprazando hacia o centro da poboación e hoxe atópase tan arraigada no pobo coma as festas patronais, estando precedida dun novenario na honra da súa patrona, que se celebra na igrexa construída no lugar da Ermida, pode que seguindo un proxecto inacabado do famoso arquitecto porriñés,

Antonio Palacios, nos primeiros anos deste século e que veu a sustituir a outra moito máis antiga –no século XVII xa había constancia da súa existencia–.

Na noite do primeiro sábado do mes de agosto, a xeito de inicios destas festas celébrase unha procesión nocturna, da que se descoñecen a ciencia certa as orixes, áinda que hai quen ubica o seu nacemento na primeira década do presente século, pode que coincidindo coa inauguración da nova capela, ou incluso denantes, froito da actividade que desenrolaban a Cofradía da Virxe, que celebraba unha procesión para entregar o testigo entre os que se organizaban a festa ese ano e aqueles ós que lle tocaba a responsabilidade do ano seguinte, ven a ser dalgún xeito un canto á floración da primavera e do verán, gracias ós motivos florais que a adovían.

As xentes da bisbarra, unha vez que a noite se achega, arremuíñase na praza Maior, portando uns ramos normalmente de loureiro e uns farois de vela que colgan das



Na noite do primeiro sábado do mes de agosto, a xeito de inicios destas festas celébrase unha procesión nocturna...

polas dos mesmos, sendo o único elemento de iluminación da vila, xa que logo, as luces públicas e o alumado exterior queda totalmente apagado, dándolle así unha volta a toda a poboación, iniciando esta pola rúa de Abaixo e circundando a capela da virxe que lle dá o nome á festa. A procesión faise acompañar de charangas, gaiteiros, bandas de música e cantos, celebrando así un ritual único en toda Galicia, que conta cun grande enraizamento, non só na Terra de Celanova, senón en toda a provincia de Ourense.

Entre a floración dos ramos, a fuxidia luz dos farois e a música, amásase un "cóctel" realmente festeiro e cultural, sobre o que o Concello de Celanova ten a obriga de seguir traballando, xa que logo, son moitos os visitantes de toda a provincia que coa chegada deste primeiro sábado de agosto, visitan Celanova para pasar un verdadeiro día de festa e unha noite espectacular co sabor da tradición como telón de fondo.

OS COMENZOS

Aínda cando a información que se posúe sobre as súas orixes non é moi fonda, un estudioso celanovés de principios de século que chegou incluso a ser alcalde de Celanova nos anos 20, Castor Méndez Brandón, aporta no seu libro "Pro Virgine" algúns datos sobre a antiguïdade da Cofradía da Virxe da Encarnación que merecen ser explicados, pois dalgunha forma explican a tradición que se mantén de veneración a esta virxe en Celanova.

Ó remate do libro, Méndez Brandón asegura que en poder do párroco da vila hai "un infolio antiguo con cubierta de pergamino" que encabeza da seguinte forma: "*Libro de la Cofradía de Nuestras Señora de la Encarnación de la villa de Celanova. Hízose por orden y mandato de D. Francisco Antonio Vidal, Fiscal de dicha Cofradía y siendo Mayordomo Blas Fernández, vecinos ambos de dicha villa, en el mes de junio del año de 1733*". Dos diversos capítulos que contén o legoxo, Castor

Méndez Brandón destaca un que fala das "Alhajas de nuestra Señora y donativos de nuestra Señora, obras de la capilla".

E xa a modo de exemplo da intensidade dos datos refreñados neste traballo, o cronista local da época informa, entre outras cousas, que "en 1833 se estrenó un pendón blanco de seda que regaló a la Virgen el Padre Escolapio de la Ermida, hijo de María Fernández, que está en América y que costó 1.000 reales.

Malia que na actualidade estes dous libros atópanse perdidos, o autor deste traballo recolle que naquel ano (1917) a festa profana resultou moi animada, nun texto que polo seu interese paga a pena recoller literalmente:

"La amenizaron nuestra brillante banda, dirigida con tanto acierto como entusiasmo por don Eduardo Rodríguez (Pierrad) y el gaitero de Verea, nuevo en esta plaza. Las verbenas en la Plaza Mayor, la víspera y el día de la fiesta resultaron igualmente animadísimas.

Trascendía el olor a empanada, bocado tradicional en Celanova el día de la Virgen, hasta el punto de que los hornos del pueblo, poco antes de las doce, constituía un verdadero tormento para estómagos extenuados y era aperitivo poderoso para cuerpos bien mantenidos.

Hubo, como todos los años, el consiguiente trueque de empanadas, ocasionado por la afluencia de ellas. Alguna familia distinguida, después de abierta la suya, vio con sorpresa, en lugar de los ricos pollos que incluyeran en ella, sendos trozos de "raxo", abarrotados de cebolla.

De otra familia supimos también, con invitados de Orense, sumida en amargo desconsuelo, porque el plato tradicional, eje de la comida preparada para obsequiar típicamente a sus huéspedes, se lo enviaron del horno convertido en puro carbón.

La ceremonia tradicional de la entrega del ramo tuvo lugar, como siempre, a las cinco de la tarde. Acompañado de los señores de la Junta de la Hermandad, el Hermano mayordomo saliente, Manuel Fernández (Arrenxo), y precedidos todos de la gaita y música, entregó este ramo al Hermano mayordomo entrante, Manuel Feijóo (Malelo),

quien obsequió espléndidamente en su casa a todo el acompañamiento.

Terminado el convite se rehizo la comitiva que, precedida de la gaita, el ramo y música tomó rumbo hacia la plaza Mayor, donde desembocó en ocasión de hallarse solo, asomado al balcón principal de la Rectoral del convento, el dignísimo rector y párroco, Padre Juan García Nebril, presidente la comisión "pro-santuario", haciendo una larga parada de homenaje y consideración a quien tantos títulos reune para ser amados por sus feligreses.

Se disolvió la comitiva frente a la iglesia, quedando el ramo, con el sobrevivo gallo y la enorme rosca que de él pendían, a merced del mejor postor, en la inmediata operación de los pojos, que resultó ser, D. Arturo Martínez (Miguiña).




As xentes da bisbarra, unha vez que a noite se achega, arremuñanxe na praza Maior, portanto uns ramos normalmente de loureiro e uns farois de vela que colgan das polas dos mesmos, sendo o único elemento de iluminación da vila.



Entre a floración dos ramos, a fuxidía luz dos farois e a música, amásase un "cóctel" realmente festeiro e cultural.

Preparación dos ramallos na Praza Maior da vila.



El fiscal de la Junta de la Hermandad, José Domínguez (Carrizo), se tomó la molestia de pojar los innumerables presentes que se hacen a la Virgen, no faltando a la lista, como todos los años, los primeros racimos de uvas maduras que aparecen siempre, en este día, orlando las andas de nuestra patrona y los incontables tiestos de albahaca. ¡Cuánta albahaca, Dios mío!.

A celebración dese ano incluso chegou a contar cunha pequena anécdota que Méndez Brandón reflicte do seguinte xeito:

"Al anochecer se hundió con grande estrépito, cuando todos los músicos se hallaban encima, el tablado del palco. El susto fue mayúsculo y fue un milagro de la virgen que no hubiese nada que lamentar, a parte del susto consiguiente.

Terminó la fiesta profana con la segunda verbena".

Ven a demostrar este traballo que naquela segunda décadada do presente século, a festa tiña como símbolo un único ramo, pero áinda non fala nada da procesión nocturna dos farois.

En calquera caso a presencia deste ramo áinda se mantén hoxe en día, que o que leva a organización da festa diante de toda a procesión e que é sorteado ó remate da festa, facendo coincidir o premiado cun dos números que teñen as pañoletas que se reparten coa identificación do símbolo da Ramallosa, obra do pintor celanovés Baldomero Moreiras.

En cada edición a organización vende arredor de 3 mil pañoletas, repartindo máis de 10 mil farois (parte dos mesmos aportados pola Asociación Cultural C. Solpor e o resto polo concello), así coma un bon número de ramos de loureiro e outras especies arbóreas, durante toda a tarde na praza maior.

